



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xuño 2023

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2023


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xuño 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en xuño de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 5,1%, menos que no conxunto de España, 6,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,4% e no Resto de produtos un 12,5%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 4,3% en Galicia no mes de xuño de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 6,6%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,6% en Galicia e do 2,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en trece comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xuño 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes



	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	109,0	5,1	3,7
Xeral sen estacións de servizo	109,9	7,2	4,4
Alimentación	96,8	3,4	-0,5
Resto	122,9	12,5	10,5

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 5,1% en Galicia en xuño de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 6,8% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 7,2% en Galicia e un 8,4% en España respecto a xuño de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 3,4%, sete décimas máis que no conxunto de España (2,7%).
- O Resto de produtos crece un 12,5% en Galicia e un 15,6% no conxunto do Estado.

Na primeira metade do ano, o índice xeral aumenta un 3,7% en Galicia e un 6,6% en España. Diminúen as vendas en Alimentación, -0,5% en Galicia e medran en España (0,5%); no Resto de produtos aumentan un 10,5% en Galicia e 15,8% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 4,4%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (14,4%) e Madrid (11,7%). Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León (0,9%) e Extremadura (1,8%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño 2023

Taxas de variación en %



No que vai do ano, as taxas máis altas rexístranse en Illes Balears (13,0%), Madrid (9,8%) e Canarias (9,1%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (1,8%), Navarra (2,4%) e Murcia (2,8%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 4,3% en Galicia no mes de xuño de 2023, e un 6,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 9,3% en Galicia e do 10,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

13,4% e no Resto de produtos un 6,4%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 13,0% das vendas en Alimentación e do 9,3% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2023				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
Xeral	133,2	4,3	7,2	
Xeral sen estacións de servizo	134,3	9,3	9,4	
Alimentación	130,0	13,4	12,6	
Resto	136,9	6,4	7,0	



No acumulado do ano, o índice xeral aumenta un 7,2% en Galicia e un 10,2% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 12,6% en Galicia e un 13,8% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 7,0% en Galicia e un 11,6% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,6% no mes de xuño en Galicia e do 2,0% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,3% en Galicia e un 1,7% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xuño en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Comunitat Valenciana (3,8%), Illes Balears (3,6%) e Cataluña (3,4%). A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é Asturias (-1,3%).

Nos seis primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Illes Balears (4,8%) e Canarias (3,8%) presentan os maiores incrementos. O persoal ocupado diminúe en Asturias (-2,2%) e mantense estable en Murcia (0,0%).

Índice xeral de ocupación. Xuño 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	133,2	4,3	7,2	109,0	5,1	3,7
Xeral sen estacións de servizo	134,3	9,3	9,4	109,9	7,2	4,4
Alimentación	130,0	13,4	12,6	96,8	3,4	-0,5
Resto	136,9	6,4	7,0	122,9	12,5	10,5
España						
Xeral	138,8	6,6	10,2	113,7	6,8	6,6
Xeral sen estacións de servizo	138,5	10,9	12,5	114,0	8,4	7,4
Alimentación	140,8	13,0	13,8	104,9	2,7	0,5
Resto	136,8	9,3	11,6	124,3	15,6	15,8

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	131,5	4,1	6,8	108,5	4,4	3,3
Xeral sen estacións de servizo	132,4	8,6	9,2	109,6	6,2	3,9
Alimentación	129,8	12,3	12,5	96,7	2,7	-0,6
Resto	134,5	5,6	6,5	122,3	11,7	9,6
España						
Xeral	135,9	5,9	10,1	111,5	6,4	6,3
Xeral sen estacións de servizo	134,9	10,5	12,3	111,2	7,5	7,1
Alimentación	139,0	13,0	13,5	103,9	1,5	0,5
Resto	131,4	9,2	11,1	120,5	14,8	14,9

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	138,8	6,6	10,2	113,7	6,8	6,6
Andalucía	132,2	5,0	9,7	108,6	4,8	5,8
Aragón	127,6	1,2	6,4	104,6	2,6	3,7
Asturias	123,0	5,8	8,6	101,8	6,7	4,9
Balears, Illes	176,0	14,4	16,5	145,3	14,4	13,0
Canarias	125,9	10,6	14,9	102,7	7,2	9,1
Cantabria	131,3	6,5	8,8	106,4	5,6	4,7
Castilla y León	123,0	0,2	5,3	99,2	0,9	1,8
Castilla-La Mancha	134,0	3,0	8,4	107,6	4,4	4,9
Cataluña	133,4	8,0	10,4	108,5	8,4	7,1
Comunitat Valenciana	140,9	5,9	10,7	117,1	6,4	7,6
Extremadura	119,3	2,0	8,5	98,0	1,8	4,4
GALICIA	133,2	4,3	7,2	109,0	5,1	3,7
Madrid	170,0	11,3	13,4	140,7	11,7	9,8
Murcia, Región de	129,0	2,3	6,9	106,3	2,4	2,8
Navarra	131,6	2,1	6,1	106,4	2,7	2,4
País Vasco	131,7	4,3	7,8	107,3	4,0	4,1
Rioja, La	132,8	5,1	8,9	108,8	6,2	5,8
Ceuta	99,5	7,0	11,5	81,5	4,9	5,8
Melilla	90,9	6,6	7,6	73,2	4,6	2,1

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,7	1,6	1,3
Xeral sen estacións de servizo	107,3	1,6	1,3
España			
Xeral	108,6	2,0	1,7
Xeral sen estacións de servizo	108,5	2,0	1,7

Fonte:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Xuño 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,6	2,0	1,7
Andalucía	105,7	1,6	1,3
Aragón	107,1	1,5	0,7
Asturias	102,4	-1,3	-2,2
Baleares, Illes	122,7	3,6	4,8
Canarias	108,0	2,8	3,8
Cantabria	104,7	1,2	0,2
Castilla y León	107,3	0,7	0,8
Castilla-La Mancha	105,9	1,8	2,0
Cataluña	110,2	3,4	2,2
Comunitat Valenciana	116,8	3,8	2,8
Extremadura	107,1	1,6	3,0
GALICIA	107,7	1,6	1,3
Madrid	106,8	1,1	0,7
Murcia	104,4	-0,2	0,0
Navarra	103,9	-0,4	0,3
País Vasco	108,2	1,3	2,0
Rioja, La	107,4	-0,3	0,7
Ceuta	99,3	-0,8	-1,2
Melilla	101,7	1,9	1,4

Fonte: INE